

Mario Regueira: “Para min, un dos maiores exemplos de resistencia cultural podería ser a persistencia da música africana baixo a escravitude e o seu papel no desenvolvemento das músicas de América, como o blues, o jazz ou a bossa nova”

Carlos Loureiro Rodríguez 16 de Marzo do 2016

<https://www.noticieirogalego.com/mario-regueira-para-min-un-dos-maiores-exemplos-de-resistencia-cultural-poderia-ser-a-persistencia-da-musica-africana-baixo-a-escravitude-e-o-seu-papel-no-desenvolvemento-das-musicas-de-ame/>

Amigo Mario, nunha biografía túa figura que te caracteriza “o gosto pola subversión”. Que tes que dicir desta afirmación caracterizadora?

A cultura galega móvese habitualmente nunhas noicións do subversivo bastante peculiares. Dun lado, hai quen defende que calquera aposta pola lingua galega é, en si mesma, unha actitude subversiva. Hai algo de certo, xa que apostar por unha lingua minorizada é ir, en certo sentido, contra a orde das cousas. A pesar diso, a nosa cultura conformouse moi habitualmente con esa mínima rebeldía, e así acabamos canonizando persoas que, aínda contando cunha certa sensibilidade galeguista, en realidade foron cómplices dun estado das cousas opresivo e conservador. Por outra parte, a nosa cultura é particularmente impresionábel ante calquera xesto subversivo que exceda ese compromiso cultural e lingüístico. Imaxino que a miña caracterización vai máis no segundo sentido, aínda que en realidade é unha perspectiva que sinxelamente propón unha interpretación alternativa da realidade en relación ao reparto da riqueza, a loita de clases, a división dos xéneros ou o papel das culturas minorizadas no mundo. É dicir, é unha aposta por impugnar o estado actual das cousas e a perspectiva que o presenta como natural e como o único posíbel. Penso que ese “gosto pola subversión”, interpretado así, debe ser o punto de partida de toda literatura: sinalar as alternativas, desvelar o artificial das convencións e das explicacións vixentes sobre a realidade. E isto, ben complexo de facer, non é necesariamente o mesmo que facer literatura panfletaria. Para min esa afirmación, máis que unha caracterización, é unha meta, un proxecto, algo que non perder nunca de vista no traballo da escrita.

Comezaches a literaturizar dende moi novo, mais tivo que ser o te mergullares na filoloxía galego-portuguesa o que te levou a ver a literatura como algo máis ou simplemente era algo que marcaba un paso seguinte cara a dar á luz a túa obra?

Hai menos relación da que parece. É certo que entrar en Filoloxía simbolizou un cambio na miña vida, un cambio caracterizado por unha aposta persoal pola literatura como dedicación principal no meu proxecto vital. Porén, non é necesario estudar unha filoloxía para escribir, e esa vocación, como ben dis, estivo sempre presente na miña vida. De feito, salvando un par de contos, o meu primeiro libro foi composto antes de entrar na carreira e, aínda que o novo marco social me puxo en contacto con xente vinculada ao mundo da edición, penso que ese libro acabaría publicándose igualmente aínda que eu seguise facendo Dereito. Por outra parte, aínda que hai unha relación evidente entre a creación literaria e ámbitos como a teoría e a crítica, o certo é que a maior parte dos que traballamos en ambos campos somos conscientes do abismo que hai entre eles. A subxectividade que se necesita para escribir é un pesado fardo co que non se pode cargar cando fas un traballo de investigación. E a necesidade de cingirse á literalidade das fontes tamén pode ser un duro inimigo cando tratas de crear unha obra desde a imaxinación. É certo que os estudos en Teoría da Literatura amosan moitas das engrenaxes menos evidentes do seu funcionamento, pero non sempre son engrenaxes agradábeis de ver, e a maior parte das veces déixannos máis preguntas que respostas.

Coetaneamente cos teus primeiros pasos narrativos tamén vai aparecer perante túa unha realidade que quizabes hoxe se bote algo de menos, revistas poéticas onde as plumas máis novas poden ver plasmados os seus primeiros versos (“Dorna”, “Citania”...). Foi isto o que fixo que en ti a lírica tamén ocupase un lugar de seu?

Máis que botarse de menos, a das revistas é unha realidade que diminuíu e que tivo que reinterpretarse. *Dorna*, por exemplo, segue existindo, e como parte do seu comité de redacción podo dicir que sempre nos preocupamos de buscar e dar oportunidade ás plumas máis novas. Porén, non pode negarse que a día de hoxe, as persoas que queren escribir teñen moitas máis alternativas para darse a coñecer que unha revista de papel, e que en moitos casos poden ser máis efectivas, alén de non ter que mediar con liñas editoriais nin cos discutíbeis criterios que ás veces teñen estes medios. No que respecta á miña experiencia persoal, non existiu ningunha relación entre escribir poesía e as posibilidades de publicala nunha revista. A poesía forma parte da miña actividade máis constante, e só unha pequena parte dela acabou por ver a luz, iso sen contar os libros que fun perdendo ou destruíndo ao cabo dos anos. De feito, moitas veces tiven a tentación de non volver publicar poesía e mantela sinxelamente como unha actividade privada.

E chega un primeiro recoñecemento a modo de premio para unha obra túa (*Tanxerina*). Tras a breves publicacións das revistas anteriores, isto xa é algo ben máis serio, non?

Estou moi orgulloso de *Tanxerina*, non só pola obra, da que sigo gustando, senón tamén polo que representou na historia do premio Pérez Parallé e polo feito de que fose premiada en Fene, de onde procede unha das ramas da miña familia e a cuxo territorio estou sentimentalmente unido desde a infancia. Tamén polo contexto de encontros persoais no que foi composta e polas novas amizades que propiciou. Aínda que naquela altura eu xa tiña publicado un libro de narrativa con Xerais, si que é certo que o Pérez Parallé foi o primeiro premio e o primeiro recoñecemento, e sen dúbida foi un chanzo moi importante na miña carreira literaria.

Curioso que a túa primeira obra lírica teña como referente territorios norteafricanos... Por que este espazo e este mundo? Ah, pero coa “subversión” túa presente, non?

Pareceume interesante vincular o noso pobo con outras realidades e colectivos oprimidos, e tamén cos seus procesos subversivos, unha idea que tamén está presente na negritude de *Blues da Crecente*, un libro composto no mesmo ciclo creativo. Ao mesmo tempo, o Norte de África é unha realidade tan próxima como descoñecida para a maior parte da sociedade europea, que sempre tratou de borrar calquera confluencia con ela (a falta de memoria sobre guerra de Alxeria ou a situación actual do Sáhara son bos exemplos disto). Ao mesmo tempo, era un reto ambientar un libro nese contexto e tratar de que non caese no orientalismo e na evocación exotizante das culturas alleas. Nese sentido o aspecto subversivo era fundamental, aínda que eu sempre digo que *Tanxerina* é principalmente un libro que fala do amor e da amizade.

O que si chama a atención que as túas publicacións van alternando a narrativa coa lírica... Están a convivir estes dous xéneros literarios no cotián de Mario Regueira ou isto é meramente circunstancial?

Entendo os distintos xéneros literarios como parte dun mesmo proceso creativo. Cada libro é distinto e ten as súas cuestións específicas, pero fóra desas diferenzas, non distingo moito á hora de idear unha ou outra obra, aínda que os seus procesos de traballo poidan ser máis ou menos longos. Por tanto si, claro que os distintos xéneros literarios (non só a narrativa e a poesía) conviven e se confunden no meu cotián. Aínda así, esa alternancia da que falas é máis ben produto dos caprichosos ritmos editoriais e as súas cadencias. A orde na que saíron as miñas obras non foi sempre a orde na que foron compostas.

Canto do rebelde vinteaneiro de Mario Regueira hai nas diferentes rebeldías ou rebelións presentes en *Rebelión no inverno*?

O mesmo que agardo que siga habendo en min, especialmente porque non se detivo na idea estereotipada da rebelión na literatura, senón que valorou as distintas naturezas e interpretacións desta. Esa actitude de non conformarse cun único punto de vista que aparece nese libro é un dos valores que trato de conservar.

Por certo, nesta obra as rebelións son do máis variopinto... Foi este o motivo de te centrares nos relatos e non nunha novela longa que ao mellor che reduciría ese abano temático?

Moita xente me dixo que neses relatos había ideas que darían por si mesmas para unha novela. Eu creo que non, polo menos non da forma na que eu constrúo as miñas novelas. Evidentemente facer pezas independentes permite saltar de escenarios e mudar o ton dunha forma que sería moi pouco efectiva nunha obra máis longa.

Na túa seguinte novela (*L'affiche rouge*) vai aparecer unha temática social un tanto recorrente na nosa literatura, aquela dun mundo esperanzado -ou desesperanzado- da transición onde para acadar uns obxectivos persoais ou sociais a loita estaba digamos omnipresente... perante unha fonda globalización, non?

L'affiche rouge non pode negar o peso enorme do contexto no que acontece e no que foi escrita, nos primeiros anos do século, cando a globalización era un dos temas recorrentes que tamén se filtra na súa trama. A pesar diso, penso que é unha obra plural, onde o peso da trama social que destacas é evidente para unha parte das persoas lectoras mentres que outras prefiren quedar coas relacións dos protagonistas ou coas reflexións sobre a identidade, que tamén son lecturas posíbeis.

Claro que perfectamente esta novela era un tanto agoirenta por non dicirmos que podería ser totalmente actual e con continuación, non che parece?

Hai pouco leuna por primeira vez un amigo meu e dixo iso mesmo: “anticípaches todas as nosas derrotas”. Non era a miña intención facer profecías e eu mesmo queredría que a maior parte delas non se cumprisen, porén é certo que hai unha conexión innegábel coa realidade actual. En parte por iso, polo final aberto e polo cariño que lles teño aos personaxes, pensei moitas veces en facer unha segunda parte, tal e como me teñen reclamado algunhas persoas. É interesante pensar onde estarían unha década despois, que será o mesmo lugar onde está, unha década despois, a miña xeración. Un lugar “interesante”, por non dicir outra cousa.

E con *Outono aquí* a seguirmos metendo o dedo nunha chaga social dun mundo sen identidade, dunhas persoas e un mundo deshumanizados, desesperanzados...

Penso que hai moita humanidade e moita esperanza en *Outono aquí*, e que ambas brillan precisamente porque sobreviven nese contexto atroz, porque non se deixan vencer e porque atopan vías para reinventarse. Aínda así, a perspectiva é unha especie de cara B dalgunhas realidades rurais que aparecen en *L'affiche rouge*, que representan a loita constante e conservan elementos maravillosos. No caso de *Outono aquí* o que aparece é o país esmagado e vencido, se cadra o que máis se axusta á realidade.

E esta novela veu co pan debaixo do brazo, co premio “Manuel Lueiro Rey”... Moitas das veces os premios en galego son máis que necesarios... pode ser isto un síntoma dunha falta de normalización literaria no noso idioma?

Se cadra conceptos como “normalización literaria” non sexan xa moi útiles a estas alturas, especialmente porque moitas veces non sabemos a que nos referimos cunha realidade normal e outras veces porque non debemos aceptar a normalidade como un valor positivo. Os premios teñen un papel importante na maior parte das realidades culturais, porén non sempre cumpren o mesmo papel. Premios como o Planeta teñen, no mercado editorial español, unha importancia para a que é moi difícil atopar correlatos na nosa cultura. Se cadra sexa un premio máis necesario e imprescindible no seu contexto do que é calquera dos nosos que, no mellor dos casos, son elementos complementarios. Se cadra o que si que falte sexa unha maior reflexión sobre que se pretende acadar cun premio literario. Se o que se trata é de que as persoas que escribimos poidamos subsistir, deberan aumentar a dotación e mesmo vinculala ao custe da vida. Se o que se trata é de fomentar a creación literaria como un valor social, habería que centrarse na difusión e na publicitación das obras que, especialmente nos premios sufragados por entidades públicas, brilla pola súa ausencia, carece de planificación, ou depende en exclusiva da persoa gañadora. Por desgraza, os premios moitas veces serven sinxelamente para cubrir expediente e sacar un par de fotos e penso que sería importante unha reflexión sobre o seu verdadeiro sentido e obxectivos.

Pode que nalgún momento vexamos unha obra túa onde aparezan a primavera ou o verán e non o outono / inverno?

É difícil dicilo, sempre deixo os títulos dos libros para o final e é unha das cousas que máis me custa facer e que máis tempo me leva. De todas formas, a combinación de estacións foi casual. *Outono aquí* é o título dunha versión en portugués de *Les Feuilles mortes*, estivo a piques de titularse *As follas mortas* e, de feito, foi traducido ao castelán como *Las hojas muertas*.

Vimos que nunha entrevista che andaban a preguntar verbo de literatura “seria” e literatura de “entretemento”... Este último termo non leva a enfocar a literatura -neste caso a galega- dunha maneira un tanto enganosa ou manipuladora?

Se cadra o problema é identificar a literatura de entretemento como unha literatura mala por definición, algo que non fai xustiza a moitas obras que se poden encaixar nela. Tampouco creo que se poida opoñer á literatura “seria”, a literatura de entretemento pode ser seria até o dramatismo, e a literatura experimental pode facernos rir a gargalladas. Creo que esa contraposición entre o “serio” e o “entretido” é unha simplificación interesada dun debate que afecta de forma un tanto artificial á literatura galega nos últimos anos. Noutros contextos esa oposición está fondamente baseada no valor económico dunha proposta e no valor simbólico da outra. No contexto galego ambos valores están moi mesturados e significan cousas ben distintas. As súas relacións son ecos doutras realidades, e, en certo sentido, tamén son parte desa obsesión pola normalidade e a reprodución de debates que tanto triunfa por veces na nosa cultura.

E aínda que ti dis que ao mellor terminarás facendo este último tipo de literatura, poderá a túa pluma fuxir do compromiso do autor tanto como para simplemente procurar “entretemento”?

Se cadra a contraposición continúe a ser artificial. Non vexo por que non pode haber compromiso de autor en nutrirse de determinados xéneros ou en procurar unha finalidade determinada. De feito, nos últimos anos fixéronse cousas moi interesantes a base de subverter xéneros populares, en ocasións apropiándoos para unha perspectiva máis ambiciosa ou máis experimental, tamén politizándoos inesperadamente, é dicir, reivindicando as súas raíces populares e de cultura de masas. Creo que esa mestizaxe, como todas as mestizaxes, representa un camiño interesante no que me gustaría entrar algún día. Por suposto que na literatura de entretemento hai obras que, a pesar de vender moito, son malas como a fame, da mesma forma que as hai na literatura pretensiosamente experimental, moitas veces tan tópica e predicíbel como a outra.

Por que na túa arte literaria achamos case omnipresente outra arte como é a musical?

Seguramente por algo relacionado coa frustración. Non tiven ningún tipo de educación musical na miña vida e nunca conseguín aprender a tocar ningún instrumento con soltura. A pesar diso sempre tiven unha relación moi intensa coa música, e sempre me sentín interesado por ela, tamén polos seus aspectos históricos e sociais. A imposibilidade de reproducir creativamente algo que me conmove tanto faíno para min unha especie de fronteira máxica. Incorporala a outro proceso creativo como a literatura é unha especie de compensación simbólica a esta frustración. Tamén fai xustiza a algo que non deixa de ser, ao seu xeito, unha forma de influencia literaria.

E en *Blues da crecente* un título digamos musical para unha realidade mitolóxica do máis universal (África, América... Galiza)...

Como dicía antes, os protagonistas de *Blues da Crecente* son unha negritude que representa outras minorías esmagadas como pode ser a nosa. Para min, un dos maiores exemplos de resistencia cultural podería ser a persistencia da música africana baixo a escravitude e o seu papel no desenvolvemento das músicas de América, como o blues, o jazz ou a bossa nova. Este feito tamén podería ser extensíbel a parte dos mitos e dos cultos que persistiron á cristianización forzosa dos seus crentes. Dalgunha forma, eses dous elementos dominan o libro: unha presenza moi acusada da música e tamén unha perspectiva sobrenatural e máxica, relacionada co mundo do alén. Se cadra ambos elementos se atopan na encrucillada de Robert Johnson, o bluesman que vendeu a súa alma a cambio da arte de tocar, e que protagoniza unha das partes do libro.

Tamén a guerra, as guerras, aparecerán na túa obra e máis concretamente no poemario *O silencio*... Dende logo que este berro perante a barbarie das guerras é do máis actual e o silencio a que isto está a levar moito máis hoxe en día...

O silencio fala, como dis, das guerras visíbeis e históricas, pero tamén apunta ás guerras silenciosas e menos evidentes. A guerra contra as clases populares que se está desenvolvendo nas últimas décadas é unha guerra desas características que, porén, pode pasarnos desapercibida. A perda de dereitos, a privatización de servizos básicos, o empobrecemento paulatino da poboación, ou o recorte na soberanía popular son unha guerra aberta contra nós, tan dura e salvaxe como a que agora mesmo está acontecendo en Siria, pero máis progresiva e moito menos visible, sen bombas e sen evidencias que permitan unha resposta organizada e contundente. Dalgunha forma iso é o que representan todas as guerras que percorren o libro e que non gardan ningún fío lóxico ou histórico entre elas, son distintas formas da barbarie, das que a nosa situación actual é unha simple variación, unha forma sutil de exterminio. Denunciar ese silencio pode ser hoxe máis importante que denunciar as explosións dun conflito convencional.

E no teu apartado ensaístico aparece repetido un nome: Lois Pereiro... que supuxo para ti este persoeiro das nosas letras? Tamén este autor tivo que saber convivir co “silencio”, non?

Lois Pereiro é un deses poetas que acompañaron a miña primeira mocidade e que construíu canles de comunicación e complicidade con moitos amigos daquela e até hoxe. Tamén representa unha desas figuras que son case un universal na literatura, un poeta maldito que ademais escribía na miña lingua e cuxa silueta pode decorar os muros das cidades, xa que foi un poeta urbano que actualizou un tradición poética un tanto anquilosada en determinados discursos. A proba da súa vixencia foi sen dúbida a forza que tivo o Día das Letras de 2011 e como, ao contrario que outros posteriores, foi capaz de unir de novo a toda a sociedade galega ao redor dun autor, dende os suburbios das cidades até as academias. E é bo ver que, cinco anos despois, a súa figura segue conservando unha boa parte dese poder de convocatoria. Creo que calquera silencio polo que pasase en vida quedou compensado por ese recoñecemento e esa demostración de forza que evidencia que Lois Pereiro está máis vivo que moitas persoas do noso mundo cultural.

Os espazos temporais entre as diferentes publicacións túas soen ser salientábeis, pero agora xa case toca nova obra... para cando?

En realidade xa houbo unha nova obra. Hai menos de dous meses defendín a miña tese de doutoramento sobre o campo literario galego na posguerra. Non é unha obra de creación literaria e aínda é cedo para dicir se vai ser publicada (agardo que si, polo menos unha parte), pero é o traballo no que estiven ocupado durante estes últimos anos e que, xunto con outros avatares vitais, me afastou un tanto da escrita creativa. Agora o que teño son un monte de proxectos, algúns deles xa comezados, outros que son simples montóns de anotacións e apuntamentos, pero que sen dúbida acabarán traendo novas obras proximamente. Despois do esforzo que supuxo o meu traballo académico, non nego que o retorno á escrita lúdica e creativa está a ser particularmente gozoso.